




Oese pola carballeira
ao vello cuco souril
ao nacer a primavera
entre o marzo e o abril.


Polas mañáns ben cediño
o cuco canta: "cú-cú..."
como o teño por veciño
eu trato ao cuco de tú!



O cuco, cuco, cuqueiro,
o cuco, cuco, cucón.
Madrugón e cantareiro!
Cantareiro e madrugón!.



O vello cuco, cucou
e moito máis cucará!
O cuco non me capou
e nunca me capará!



CEIP DE PETELOS

BOLETÍN INFORMATIVO "A Nosa Fala" Nº 26

O monte en primavera





Estraloques, milicroque, estalote, sanxoán.



Carrascos, uces



Nébeda."Pon as castañas a cocer e bóttalles nébeda"..



Xestas, codeso, piorno. Serve para facer vasoiras



Xaras, carpanzas



Narciso de montaña



Toxo. Utilizábase para facer a cama dos animais e como alimento de cabalos e outros animais.




Apóutega. Planta parásita. Os rapaces chuchaban nela. Sabor doce. Uso contra a disentería.



Carqueixa. Estimula o apetito do gando vacún e serve para plantar lume.

anxo.info



De seguro que coñeces algunha destas florciñas que visten os campos do monte, e posiblemente tamén algún nome..., pero o que probablemente non saibades é que moitas delas eran moi importantes para a economía ou a saúde galega de non hai moito tempo.

Antigamente a vida estaba moi ligada á Natureza. Respectábase, coidábase e sacábase proveito dela sen estragala.

Hoxe, aínda que só sexa pola regalía de contemplar esta fermosura, deberíamos coñecela máis a fondo, disfrutala e protexela .

